ALÉN-MAR



En este pasado mes de octubre, la Asociación Argentina de Hijos de Gallegos acaba de cumplir su cuarto aniversario y el hecho, aunque haya transcurrido silenciosamente, puede considerarse como importante.

Y en verdad es de importancia que un grupo —cada día más numeroso— de gente joven, descendiente de gallegos, haga su aporte al quehacer de la colectividad a través de la ciertamente fatigosa vía del estudio.

Todo ello implicó y representa una nueva perspectiva. Por vez primera y de un modo sistemático y perdurable, al menos hasta el día de hoy, la juventud se acercó al tema gallego. Lo hizo sin afectación, con un gran sentio de camaradería, sin trenzas, sin banquetes. Lo hizo además —y esto sí habría que señalarlo ruidosamente— fascinada, deslumbrada ante la labor magnífica que en Galicia lleva a cabo un núcleo prestigioso de intelectuales.

Este número de Alén-Mar, que la Asociación dedica a la Editorial Galaxia de Vigo, quiere señalar la circunstancia: los hijos de gallegos no hubiéramos hecho lo mucho o poco que hicimos de no existir antes Galaxia y todo lo que ella representa. Es decir, diez años de publicaciones valiosas, coloquios "epistolares" que para cada uno de nosotros fueron verdaderas cátedras, estímulos, incitaciones al trabajo, esto y mucho más fue lo que llevó a la fundación de esta entidad allá por 1959.

Mucho nos hubiera gustado seguir el ritmo sostenido y ascendente de Galaxia en el ámbito más reducido de nuestra labor pero es de apuntar las dificultades habidas en nuestro país en los últimos años y el estado de inercia en que se hallaba y aún se halla hoy la colectividad gallega de Buenos Aires.

Factor principal de esa inercia es uno que quisiéramos plantear en esta oportunidad como posible tema de investigación en cuanto a los efectos que produjo en nuestro medio: la merma de la inmigración gallega a la República Argentina. Antes, en América, Venezuela; hoy, en Europa, Alemania, han atraído y atraen al gallego dispuesto a emigrar, habiendo quedado pospuesto nuestro país. Al presente, ello ha producido una gran vacancia en los planteles directivos de la colectividad, bien difícil por cierto de llenar.

Sin embargo, no nos quejamos. La concurrencia año a año más numerosa a los cursos de idioma, la incorporación de muchos jóvenes a las diversas comisiones, el apoyo que nos están prestando distintas personas e instituciones, nos indican que andamos por el buen camino, que debemos seguir en él y que debemos trabajar cada vez más.

A todos ellos la Asociación testimonia su agradecimiento.

Hagios Eaco

ARTURO PRADOS

Santiago en la barca Celeste de piedra
boga mar afuera como un dios Antiguo.
Juez de los Muertos, Eaco, que esperas
las almas esbeltas de niños.

En un punto ingestado del agua y la tierra.
Donde el mar de tinieblas es mito.
Al Cornualles precioso navegas,
por la Muerte que es Vida y es Símbolo.

Poseidónico nauta que erras,
por imágen de agua los siglos.
¡Cómo pesan las huellas que deja,
el Recuerdo de un tiempo haber Sido!

El Camino espantable del Cielo,
se abre enorme a tus pasos divinos.
Peregrino, volví al Nuevo Templo.
A plantar sobre piedra mis huesos.
Cara al eco sonoro y marino.

Padre nuestro que estás en los Cielos.
Sin ponerte en la noche del Tiempo.
Tiende redes en lagos tranquilos.
Busca el Signo del Gran Galileo,
que la pesca es tu pueblo dormido
que despierta y comienza de nuevo.

carta encol da europa futura

Meu caro amigo:

Tés muita razón en reparar no problema dos nacionalismos, pois tamén a nós nos preocupa. Non é que haxa incomenentes de principios para compartir, desde unha posición galega, ise ponto de vista. O que acontece é que nós consideramos históricamente rebasada a formulación nacionalista do problema galego. Pola contra, parécenos muito máis atinado prantexalo desde o ponto de vista da estructuración peninsular e da estructuración europeia. Unha formulación "particularista" sería errónea no terreo da realidade. No da pura doutrina é tan lexítima como outra calquera. Ben entendido que nós non renunciamos de ningún xeito â defensa e afirmación da persoalidade do noso povo. Ao que renunciamos é a reducir isa defensa a un prantexamento "particularista".

Non se trata tanto de defender a realidade particular dos nosos direitos como de defender unha nova estructura peninsular e europeia na que os nosos direitos se desenvolvan en condicións de igualdade cos dos demáis.

Non renunciamos â ideia de solidaridade. Sin ista ideia como fundamento, Europa non poderá ser nada frente â magnitude monstruosa e abafante das forzas que a ameazan.

Isa é a verdadeira realidade histórica; que nós os galegos, ou os bascos, ou os bretóns, etc. salvarémonos como galegos, como bascos, como bretóns, etc., sômentes na medida en que nos salvemos como europeus. Si non se salva Europa menos se salvarán as suas partes integrantes. Mais para que Europa se salve, a sua realidade política terá de afincarse no artellamento de duas forzas fundamentaes: a ideia viva da solidaridade entre os europeus e máis o respeto â diversidade natural dos seus elementos culturaes. Solidaridade e diversidade. Velaí os dous eixos vitaes da Europa futura, si ha de cumplir a sua alta misión. Polo mesmo, os direitos de cada unidade natural son, ao mesmo tempo, comúns a todas elas. Non é, polo tanto, na esfera particular de cada un onde se han de salvar, senón na esfera da colaboración.

Estamos nun intre decisivo en que debemos pensar máis no futuro que no pasado. Están desaparecendo muitos conceitos políticos que semellaban perenes. Muitos povos odiáronse e matáronse durante xeracións e xeracións. Hoxe, en cambio, camiñan estreitamente unidos. Os vellos europeus, os incapaces de se renovaren espiritoalmente, están abraidos dista solidaridade, que ten caráiter fraternal.

Pois ben, nista solidaridade é onde ten as suas raíces vivas a Europa de mañá. Ningún deixa de ser o que é. Compréndense e respétanse na sua diversidade. Ista nova realidade espiritoal é a que compre ter en conta nas futuras orientacións políticas intraeuropeias. Sería mala cousa basealas en conceitos tomados do pasado.

Xohan.

inquéritos

lingua

responde

P. LEIRADO

¿Deica agora qué estudos se teñen realizado en materia lingüística?

Léxicos, fonéticos e gramaticaes.

¿Quéns interveñen neles?

Fundamentalmente, os lingüistas, inda que ás veces fan aportacións interesantes os etnólogos, ou simples aficionados que recollen vocabulario e o publican.

¿Onde se realizan?

Os datos hai que os recoller en Galicia. A sua elaboración científica pódese facer en calquera parte. O profesor Krüger ten feito e publicado ahí na Arxentina moi interesantes estudos de lingüística galega, como fixo o profesor Piel en Coimbra, ou Dámaso Alonso en Madrid, ou Pensado Tomé en Salamanca, etc.

¿Houbo participación de especialistas estranxeiros?

A máis importante —case a única— participación estranxeira nos nosos estudos lingüísticos é a dos alemáns: Cornu, Scheider, Margot Sponer, W. Ebeling, Fritz Krüger, Joseph M. Piel, entre outros, téñense ocupado da realidade lingüística de Galicia.

¿Cáles son as maiores dificultades distas investigacións?

As dificultades principaes dista cras de estudos son de tipo económico. Mediante un sistema de becas axeitadas, poderíase acometer o estudo sistemático do noso idioma. Na "Fundación Penzol", que se inaugurou recentemente con unha conferencia do prof. Rodrigues Lapa, funcionará un Seminario de Filoloxía e Lingüística Galega *que se propón coordinar os esforzos dos nosos investigadores e canalizar as axudas de todolos amantes da nosa lingua que queiran contribuir ó seu estudo. Iniciará os seus traballos coa publicación de un tomo de interesantísimos documentos galegos das terras de Ourense e coa investigación do galego aitual da terra de Fonsagrada.*

¿Cóntase con axuda económica pra desenrolar isas tarefas?

Polo de agora en Galicia ninguén se preocupou de subvencionar ista cras de estudos.

¿Algunha publicación recolle ises estudos?

Sí, hai revistas e libros que recollen ise labor.

¿Qué plans hai pra o futuro?

Os plans que hai son istes: aproveitar o Seminario da "Fundación Penzol" pra promover unha investigación coordinada e metódica dos nosos problemas lingüísticos. Aproveitar a nova seición de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago pra fomentar entre os estudantes galegos o interés por ista especialidade e poder chegar á creación dunha verdadeira Escola de Filoloxía Galega.

¿Están dadas as condicións prá redación dunha Gramática "oficial"?

Entendo por Gramática "oficial" a Gramática "normativa"; antes de a poder facer compre realizar un serio esforzo de investigación.

¿Através de qué institución efeituaríase a redación da Gramática?

Pode ser a Real Academia Gallega, pode ser a cátedra de Lingua e Literatura Galega da Universidade, pode ser o Seminario de Filoloxía e Lingüística Galega da "Fundación Penzol". De todolos xeitos, tendo como temos a Academia, sería comenente que fose ela a encarregada de lle dar caráiter "oficial" á nosa futura Gramática.

teatro

responde

SALVADOR GARCÍA-BODAÑO

¿Sociolóxica i económicamente, están dadas as condicións pra un desenvolvimento eficaz do teatro galego?

Dende fai dous ou tres anos, as esperencias teatrás realizadas en puntos diversos do noso país permiten afirmar hoxe que as condicións sociolóxicas pra o desenvolvimento do teatro galego son realmente óptimas. O "Don Hamlet" de Cunqueiro, a "Antígona" de Anouilh (en versión galega), "Os vellos non deben de namorarse" de A. R. Castelao, o "Orestes" de López-Casanova, etc., foron representacións acollidas entusiásticamente por un público numeroso que supón, sendo ouxetivos, un estado espritoal ben espranzador.

As condicións económicas, por outra banda, son paradóxicamente distintas a iste sentimento do pobo, pro ista situación é un mal endémico de todo o teatro peninsular. No que fai a Galicia, concretamente, cecáis veña dada dunha orgaización deficiente nos grupos teatrás e da sua esporádica preocupación por ista vertiente galega do Teatro.

¿Hai obras de teatro galego suceptíbeles de seren representadas?

Partindo de que os problemas do teatro galego son dunha grande complexidade, como no seu día veremos no denso ensaio que Pérez Barreiro publicará en Galaxia, compre decir que a presente etapa do noso teatro está nos seus albores e, portanto, nunha fase de tentativas que peca de falla bastante acentuada dun fondo conocemento da técnica teatral. Na Galicia vése pouco Teatro i en consecuencia o que se escribe é máis ben o que se dou en chamar un "teatro pra lér" máis que pra representar como derívase da sua propria natureza. Diste xeito, temos de concruir que as obras pra poñer en escea son, espresándonos con honradez crítica, moi escasas agás de algunha tradución axeitada. Citar títulos poderíase tomar coma un criterio subxetivo que escapa ó propósito distas liñas.

¿Qué posibilidás acórdaslle ti a un conxunto profesional adicado á representación de teatro galego?

As esperencias feitas deica arrestora estiveron sempre, si mal non teño entendido, en maus de non profesionales, nembargantes coido que as posibilidades terían de ser escelentes escollendo as obras doadas pra representar, que repito non son moitas, pro que darían pra unha longa tempada de aitividade teatral, regular i efeitiva, que traguería sin dúbida unha maior produción de obras polos autores en galego e tamén un incremento das traducións, que estimo moi comenentes nista primeira fase. Unha rexa preparación dos actores e unha propaganda ben dirixida son, tamén, algo imprescindíbel.

¿Hai salas axeitadas nas cidades galegas?

Sí, perfeitamente.

¿Qué perspeitivas tería un conxunto indo polas vilas e aldeias?

Magníficas. Actualmente estúdase ista posibilidade, importantísima, si ben, coma é lóxico supor, o tipo de obras tería de ser distinto.

¿Con qué apoio podería contar unha Compañía teatral galega?

Un grupo adicado ó teatro galego, de xeito continuado, tería o apoio incondicional de todolos galegos conscientes que arelan pra o seu pobo a máis outa afirmación cultural.

Fenestra de Alén - Mar

Valle Inclán. — Informó el Teatro Municipal General San Martín que a raíz de gestiones realizadas por el secretario de Cultura y Acción Social de la Municipalidad de la Ciudad de Buenos Aires en su reciente viaje a Europa, han sido adquiridos los derechos de la obra de Ramón del Valle Inclán "Divinas palabras", cuya puesta en escena sería ofrecida en el coliseo comunal. Es prematuro hablar aún de fecha, dirección o elenco para esta novedad teatral.

Cursos de Idioma. — Siguen dictándose en la Biblioteca del Centro Lucense, Belgrano 1841, las clases de Idioma Gallego. Todos los sábados a partir de las 17.45 horas se llevan a cabo estas reuniones.

"Cantares Gallegos". — En el transcurso del acto poético musical que el Centro Gallego dedicó a conmemorar el centenario de la aparición de "Cantares Gallegos" de Rosalía Castro, el 24 de julio del corriente año, disertó el miembro de esta Asociación Ricardo Palmás Casal, acerca de esa obra fundamental de la literatura gallega contemporánea. Su exposición eruditamente documentada en fuentes poco conocidas o divulgadas fue largamente aplaudida por el numeroso público asistente.

Uruguay. — Acaba de constituirse en el vecino país la Asociación Uruguaya de Hijos de Gallegos, entidad animada de idénticos principios y anhelos a los que guían nuestra Asociación. Entre los gestores de la iniciativa señalamos a Carlos Zubillaga y Raúl Arias Novo. En el próximo número de Alén-Mar daremos noticia más completa de las actividades a desarrollar por la entidad hermana.

Domselar. — El día 9 de julio ppdo. directivos y miembros de esta Asociación efectuaron una visita al Hogar Gallego para Ancianos, sito en Domselar, a fin de hacer entrega de una bandera argentina. Con una finalidad similar se hizo presente una delegación de Irmandade Galega de Buenos Aires, que donó una bandera gallega. La visita sirvió además para comprobar de visu las urgentes necesidades de esa obra de bien común.

"Peregrinación...". — "Peregrinación a la Tierra... 1962", tal el título de la charla que el 31 de agosto del año en curso dio el doctor Antonio Pérez Prado, presidente de esta Asociación, en el salón de actos del Centro Lucense. La plática estuvo basada principalmente en interesantísimas páginas del diario de viaje que redactara Pérez Prado en oportunidad de su estada en Galicia el año pasado. A continuación, el Centro Lucense convidó con un refrigerio a los miembros de la Asociación.

Biblioteca Fermín Penzol. — En la ciudad de Vigo, en el mes de mayo, quedó instalada la Biblioteca Fermín Penzol. Cuenta con más de seis mil volúmenes de obras gallegas o referentes a Galicia y comprenderá tres secciones, una dedicada a filología y lingüística gallega, otra a ciencias históricas y la tercera a estudios económico-sociales. Posee además gran serie de microfilms con cancioneros medievales y una magnífica colección de revistas de filología románica donada por el profesor Martínez López, catedrático de Lengua y Literatura Hispano-portuguesa en la Universidad de Austin, Texas. Superfluo es destacar la trascendencia de esta casa de estudios, única en su género en Galicia, y las cuantiosas erogaciones que será necesario hacer para posibilitar su adecuado funcionamiento.

Barcelona. — Piensa imponerse como materia obligatoria en el curso pre-universitario una disciplina que bajo el nombre de Literaturas Hispánicas comprenderá la gallega, la catalana y las de América. El programa de esta asignatura fue redactado por el catedrático Guillermo Díaz-Plaja.

MONTEVIDEO

Estando ya en prensa este número de Alén-Mar, la Asociación Uruguaya de Hijos de Gallegos ofreció emocionado homenaje a la gran escritora Juana de Ibarbourou. El acto poético musical que con tal motivo se llevó a cabo contó con la presencia de una nutrida delegación de nuestra Asociación especialmente invitada. En su mensaje de agradecimiento, la homenajeada puso de relieve que esa demostración significaba para ella un verdadero reencuentro con sus antepasados gallegos.

mirador bibliográfico

Cuadernos de arte gallego

GERARDO ALVAREZ GALLEGO
Los pazos. Estudio preliminar. Vigo, Ediciones Castrelos, 1963. 45 pp. (Cuadernos de arte gallego, 25).

JESUS TABOADA CHIVITE
Los castillos. Vigo, Ediciones Castrelos, 1963. 47 pp. 1 map. (Cuadernos de arte gallego, 24).

Ediciones Castrelos inicia con estos dos títulos un ambicioso plan de difusión de diversos aspectos del arte gallego, de la remota prehistoria hasta nuestros días.

Estos Cuadernos —58 en total— vienen a llenar un sensible vacío. A nadie escapa el hecho que los estudios realizados hasta la fecha, además de no ser numerosos nunca trascendieron más allá de un pequeño círculo de notables. Por otra parte es considerable el número de gallegos que desconocen o no valoran la magnitud y originalidad del aporte de su país al arte del occidente europeo. Esta ignorancia alcanza en los hijos de gallegos mayores proporciones.

Los principales escritores gallegos colaboran en esta magnífica labor de divulgación.

Abundan en los pequeños manuales —del tipo bolsilibros— las fotografías en blanco y negro. La tipografía excelente, así como la calidad del papel empleado.

Los pazos

Las vetustas casonas hidalgas evocadoras de un ilustre pasado, testigos de episodios lejanos revividos por Doña Emilia y Valle Inclán, Otero Pedrayo y Cabanillas, es el tema del primer cuaderno editado, que lleva el número 25 del plan general.

La ágil pluma de Alvarez Gallego en un excelente texto se refiere al origen de los pazos, en el aspecto etimológico, histórico y arquitectónico, señalando las características de las construcciones pacegas y los elementos interiores y exteriores que la componen.

Evoca diversos sucesos que dieron celebridad a algunos pazos, fama que aún perdura envuelta en el aroma de la leyenda. El estilo de vida de la nobleza que no emigró a Castilla, refugiándose en la arruinada grandeza de sus casas, en el apego a formas tradicionales de vida y aun haciendo uso de su lengua materna.

La Coda menciona la restauración de algunos edificios y la lenta ruina que los invade, sin que nadie ponga remedio a esta situación.

Los castillos

"Se ha dicho que Galicia no es tierra de castillos y nada más falso" dice el autor de este interesante trabajo y un mapa inserto al final del libro lo confirma. Aparecen señalados cerca de un centenar de ellos diseminados por todo el país.

Taboada Chivite en una breve introducción distingue los conceptos castillo y fortaleza, establece el origen y disposición general de los castillos gallegos y señala las diferencias con otras construcciones peninsulares, castellanas en especial.

Finalmente enumera y describe los principales castillos de las cuatro provincias gallegas.

ALEN-MAR ES UNA PUBLICACION DE LA ASOCIACION ARGENTINA DE HIJOS DE GALLEGOS

NOVIEMBRE DE 1963 — Nº 4
Sarandí 847
director
Perfecto López Romero

Homaxe de ALEN–MAR á EDITORIAL GALAXIA no
seu décimoterceiro aniversario
1950 - 1963